

## **ANEXO 3: GLOSARIO DE TERMOS**



**Accidente:** suceso incontrolado capaz de producir dano a persoas ou bens.

**Activación do plan:** posta en marcha por decisión do director do Plan de emerxencia mediante declaración formal das accións preestablecidas no devandito plan levadas a cabo a través dos órganos que integran a súa estrutura.

**Alarma:** detección e aviso do perigo.

**Albergue:** aloxamento provisional da poboación afectada en centros hostaleiros, residenciais, casas particulares, recintos de circunstancias ou acampada.

**Afastamento:** traslado da poboación desde posicións expostas a lugares seguros, xeralmente pouco distantes, utilizando os seus propios medios.

**Alerta:** vén definida pola posibilidade ou inminencia de que se desencadee unha situación de risco en base a previsións desfavorables. Estase atento a unha nova información.

**Ámbito territorial:** zona xeográfica á que corresponde a planificación ou actuación sobre a emerxencia.

**Análise de riscos:** estudo que comprende as etapas de identificación do perigo e a avaliación cuantitativa de frecuencias e consecuencias co obxecto de estimar as perdas humanas e materiais asociadas á ocorrencia deste, dunhas características dadas e nunha zona determinada.

**Autoprotección:** medidas desenvoltas e previamente planificadas polas que a poboación de forma individual ou corporativa (centros ou entidades) participa na prevención e protección ante determinados riscos e situacións de emerxencia.

**Avisos á poboación:** Medida de actuación que ten por finalidade notificar á poboación e informala sobre o perigo ao que se enfronta, a actuación máis conveniente en cada caso e a aplicación das medidas de protección.

**Cartografía:** mapas xeográficos tratados de conformidade coa lei 7/1986 de ordenación da cartografía.

**Centro de Coordinación:** Defínese como o órgano onde se recibe a información dun suceso e onde se realiza a dirección e coordinación de todas as operacións propias do plan, a xestión dos medios asignados e a coordinación entre plans de distinto nivel.

**Centro de Coordinación Operativa:** é o órgano que conforma a estrutura de coordinación do PTET e nel intégranse o director do PTET, o Comité Asesor e o Gabinete de Información.

**Comité Asesor:** É o órgano colexiado de asistencia á Dirección do PTET na execución das súas funcións, xa sexa con relación ás actuacións para a resolución da emerxencia, como no referente ao mantemento da operatividade do PTET.



**Confinamento:** medida de protección que consiste no refuxio da poboación nos seus propios domicilios, ou noutros edificios, recintos ou habitáculos próximos.

**Control de accesos:** Control da entrada e saída de persoas, vehículos e material na zona afectada pola activación do PTET, así como das vías de comunicación, para facilitar a actuación dos Grupos de Acción e lograr unha eficaz intervención en axuda dos afectados.

**Evacuación:** acción de traslado planificado dun colectivo afectado por unha emerxencia, dun lugar a outro protexido e provisional, establecido de acordo coa dispoñibilidade física e a estrutura complementaria para a asistencia e recepción dos afectados.

**Gabinete de Información:** Órgano encargado de canalizar e supervisar toda a información que se forneza aos medios de comunicación.

**Grupos de Acción:** unidades de actuación ante a emerxencia, de carácter permanente, compostas por diferentes servizos ou organismos pero que realizan funcións homoxéneas e baixo a coordinación dunha soa xefatura (grupo sanitario, grupo de intervención, grupo de seguridade, etc.).

**Implantación:** actuacións que son necesarias para garantir a operatividade do PTET, unha vez aprobado. Tamén inclúe as actuacións que permiten comprobar a eficacia das medidas e previsións incluídas no PTET e formación de intervinientes.

**Medios:** elementos humanos e materiais que se incorporan aos grupos de acción fronte a unha emerxencia, permitindo afrontar con maior eficacia as tarefas consideradas nos plans de emerxencia previstos en cada caso.

**Notificación:** Procedemento de información sobre o inicio, a declaración de situacións e a finalización da emerxencia, ás autoridades, poboación e entidades implicadas.

**Plan de Protección Civil:** previsión do marco orgánico-funcional e dos mecanismos que permiten a mobilización dos medios e recursos humanos e materiais necesarios para a protección de persoas e bens en caso de emerxencia, así como o esquema de coordinación entre as distintas Administracións Públicas chamadas a intervir.

**Plan Territorial de Emerxencia:** Documento de planificación que ten como obxectivo prever e facer fronte ás emerxencias xerais que se poidan presentar nun determinado ámbito territorial.

**Plans de Autoprotección:** sistema de accións e medidas encamiñadas a prever e controlar os riscos sobre as persoas e os bens, a dar resposta adecuada ás posibles situacións de emerxencia e a garantir a integración destas situacións co sistema público de Protección Civil.

**PTET:** Plan Territorial de Emerxencias Transfronteirizas

**Posto de mando avanzado (PMA):** É o centro de mando de carácter técnico, que se constituirá nas proximidades do lugar do risco ou da emerxencia, e desde o cal, se dirixirán e coordinarán



as actuacións dos distintos grupos de acción, de acordo ás ordes indicadas polo director do plan, para o que remitirán a esta información exhaustiva sobre a evolución do risco ou calamidade.

**Recursos:** elementos naturais e artificiais, de carácter esencialmente estático, cuxa dispoñibilidade fai posible ou mellora as tarefas en materia de protección civil ante situacións de emerxencia.

**Risco:** probabilidade de que ocorra un suceso (accidente) con consecuencias negativas (dano). Ten carácter cuantitativo, sendo a súa expresión máis xeneralizada o produto da probabilidade de ocorrencia dunha determinada situación de perigo (absoluta ou referida a un período de tempo determinado), polas consecuencias previsibles (valores en función dos elementos expostos ao perigo e a súa vulnerabilidade ante o mesmo).

**Situación operativa:** indicador do nivel de emerxencia determinado en función da gravidade dos danos e da extensión xeográfica de afectación.

**Vulnerabilidade:** a característica dunha colectividade de persoas ou bens que os fan susceptibles de ser afectados en maior ou menor grao por un perigo en determinadas circunstancias.